

A promoción da oralidade en galego no ensino centra o “III Encontro de Equipos e Docentes pola Normalización”

A xornada de formación que organiza a Coordinadora Galega de ENDL celébrase mañá, sábado 2 de febreiro, a partir das 10:30h no IES As Fontiñas de Santiago de Compostela e nela participarán máis de 80 docentes.

O encontro acolle ponencias e obradoiros centrados na reflexión sobre a necesidade de desenvolver una metodoloxía que potencie a oralidade en lingua galega no ensino, ante as nefastas consecuencias do Decreto do Plurilingüismo aprobado pola Xunta de Galicia, que reduce os ámbitos de uso do idioma na escola.

A CGENDL presentará neste foro as publicacións Ollos de Aula, a revista para as familias do alumnado, e A letra miúda, revista de sociolingüística para o profesorado, ademais das candidaturas ao II Premio Leixaprén, que nesta edición recoñecerán a promoción do idioma no ámbito deportivo.

O III Encontro organizado pola CGENDL, que reúne en Santiago a equipos e docentes implicados na normalización lingüística, xirará ao redor da necesidade de promocionar a oralidade no ensino no marco dunha metodoloxía comunicativa que reforce a competencia do alumnado na lingua galega. A CGENDL tenta, deste xeito, aminorar as nefastas consecuencias do polémico Decreto do Plurilingüismo aprobado pola Xunta de Galicia e que vén de ser invalidado nos seus artigos fundamentais polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. O Decreto 79/2010 está provocando unha diminución importante dos espazos de uso do galego no ensino, o que afecta, xa que logo, á competencia oral do alumnado nesta lingua.

O director do Servizo de Normalización Lingüística da USC, Manuel Núñez Singala, abrirá a xornada co relatorio “O falar non ten cancelas... ou si? Sobre a necesaria promoción da oralidade en galego”. Posteriormente, haberá dúas roldas simultáneas de obradoiros nos que diferentes docentes e profesionais vinculados á educación achegarán experiencias e proxectos que potencian o uso oral da lingua nas aulas a través da literatura oral, dos clubs de debate ou do traballo dende a propia educación infantil. Este foro de intercambio tamén contará cun espazo de exposición dos traballos e materiais elaborados nos centros escolares no ámbito da normalización.

Finalmente, presentaranse o II Premio de Normalización Lingüística LEIXAPRÉN, que este ano se centra no ámbito deportivo, así como o número 4 de *Ollos de Aula*, a revista da CGENDL para as familias do alumnado, e o 1º número da revista dixital *A letra miúda*, orientada á formación sociolingüística do profesorado e á difusión de estratexias e proxectos de promoción do idioma.